

# MISIÓN OCÉANOS

ACTIVIDADES DE MELLORA AMBIENTAL E VALORIZACIÓN DA ZONA LITORAL DE OLEIROS

As actuacións deste programa terán como destinatarios os centros educativos do Concello de Oleiros e céntranse nunha das problemáticas ambientais máis importantes nestes momentos, a contaminación mariña, motivada en gran parte polo gran volume de residuos que están a recibir diariamente os fondos mariños. Como estes residuos son de orixe urbana principalmente, preténdese concienciar sobre a necesidade de establecer novas condutas e hábitos de consumo na sociedade, orientadas a protexer o litoral galego desta marea de residuos. O obxectivo xeral deste proxecto é contribuír á sostibilidade ambiental mediante a mellora do contorno natural e á valorización do litoral de Oleiros. As actividades do programa son totalmente gratuítas e parte delas se desenvolverán nas instalacións do Castelo de Santa Cruz e no areal da praia de santa Cruz.



No Golfo Ártabro, a riqueza biolóxica do litoral constitúe unha fonte de recursos esenciais para unha parte da poboación do territorio que, dende antigo, vense aproveitando como fonte de ingresos e de alimentación. Hai, por tanto, unha importante dependencia social das actividades vinculadas ao litoral, e concretamente da actividade pesqueira polo que é necesario abarcar a súa xestión dende un punto de vista integrado para evitar que actuacións parciais o sectoriais produzan efectos nocivos no ecosistema e na economía do noso litoral, cos conseguintes impactos negativos sobre a poboación.

Por outra banda, temos que ter en conta a fragilidade dos ecosistemas costeiros, acentuada pola presión das actividades humanas. A franxa litoral está en perigo debido a ausencia de planificación e a unha mala xestión nas últimas décadas: desenvolvemento turístico mal planificado, a erosión costeira, a presión urbanística, a contaminación mariña, a sobre explotación pesqueira, a destrución de hábitats etc.. . Do mesmo xeito, séguese a pensar que o mar é unha fonte esgotable de recursos e, quizáis o máis perigoso, que o mar é inmune ás nosas actividades e agresións.

A riqueza biolóxica do litoral fixo que a poboación galega, dende antigo, o aproveite como sustento. Pero o mar, para a sociedade galega é moito máis que unha forma de gañarse a vida. Galicia é como é, en gran parte polo mar: a cultura, a gastronomía, a festas, en definitiva, a historia galega está vinculada ao mar. É por iso prioritario espertar na sociedade galega unha nova conciencia ambiental e a necesidade de tomar medidas que garantan o futuro do litoral galego.

Hoxe, a problemática dos residuos no medio mariño, é unha das formas visibles de contaminación coa que estamos agredindo a este ecosistema e quizais é o motivo máis evidente para fomentar a participación cidadá e a sensibilidade cara a conservación dos océanos e do litoral. O desafío principal consiste en conectar o coñecemento coa acción, coa posta en marcha en paralelo de proxectos para a posta en valor dos recursos. É primordial unha fase inicial de xeración de coñecemento que permita tomar decisións específicas para unha mellor xestión do espazo costeiro, ademais dun cambio cultural que implique un cambio nos comportamentos.

## **Obxectivos:**

- Sensibilizar sobre o importante valor natural dos ecosistemas mariños pero tamén da súa fragilidade, principalmente, polo impacto das actividades humanas e os residuos que estas xeran.
- Descubrir as problemáticas que afectan ao litoral e establecer unha relación de causa-efecto cos nosos patróns de consumo cotiá. É fundamental acadar un conxunto de coñecementos e destrezas sobre o litoral galego e os seus recursos e transmitirlo ao alumnado para que aumente o nivel de respecto e estima cara a el.
- Concienciar sobre a necesidade de separar os residuos no fogar para o seu correcto reciclaxe, como unha das boas prácticas diarias a favor dos ecosistemas mariños.

## Actividades previstas

**Itinerancia de material didáctico**, en formato de paneis expositivos, centrado na problemática da contaminación mariña, motivada en gran parte polo gran volume de residuos que están a recibir diariamente os nosos fondos mariños. Moitos destes residuos son de orixe urbana e esixen a necesidade de establecer novos hábitos de conduta na nosa sociedade, orientados a protexer o litoral galego desta marea de residuos.

**Charlas divulgativas.** A charla divulgativa tamén se centrará na problemática ambiental dos océanos asociada as actividades humanas. Trátase de concienciar sobre a relación directa que hai entre os nosos hábitos e a gran cantidade de residuos que xeramos, e a necesidade de establecer novas pautas de conduta na vida diaria da nosa sociedade. A charla ten unha función “provocadora” ante o alumnado, o obxectivo é espertar neles a conciencia e a sensibilidade necesaria para poder traballar posteriormente máis concretamente nas saídas á praia. Empregaranse técnicas propias da interpretación do patrimonio co fin de trasladar as mensaxes de xeito sinxelo, ameno e impactante.

**Talleres prácticos con saídas á praia.** Na saída dos escolares a unha praia do Concello de Oleiros o alumnado terá un papel activo co obxectivo de aumentar as posibilidades de mudar os nosos hábitos diarios para axudar á conservación dos ecosistemas mariños. Realizaranse diferentes actividades orientadas á trasladarlles “in situ” coñecementos sobre o litoral, as especies animais e vexetais que están presentes, os recursos pesqueiros e marisqueiros, así como resaltar a importancia que ten o seu papel como bioindicadores de contaminación mariña. Tamén poderán comprobar de primeira man a problemática desta contaminación, vendo a cantidade de residuos que se acumulan nas praias e que chegan á costa coas mareas. O feito de que os estudantes poidan desenvolver estas actividades nas praias do seu contorno, onde se bañan todos os veráns, axuda a establecer un vínculo emocional con estes lugares.

Con esta actividade na praia os rapaces poderán descubrir como as nosas actividades diarias causan desequilibrios nos ecosistemas mariños, facendo especial relevancia na problemática dos residuos e a necesidade dunha participación activa na separación dos mesmos no fogar, e reflexionarán sobre cales poden ser as solucións e aptitudes responsables de carácter tanto social como individual que podemos adoptar.